



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE DE MARZO DE 2013, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JORGE CERDEIRA LOURO
D^a. BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte de marzo de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (20/02/2013).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o vinte de febreiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, da ordenanza municipal reguladora das condicións para o mantemento da salubridade e ornato público no Concello de Vedra

Dáse conta da proposta de ordenanza municipal reguladora das condicións para o mantemento da salubridade e ornato no Concello de Vedra.

O Sr. Lema do PP di que realmente a finalidade desta ordenanza é dotar dunha ferramenta para a xestión dos residuos e temas de salubridade e ornato neste concello. Expón ademais que se trata dunha norma semellante á que teñen concellos semellantes ao noso, e que ven cubrir un oco que existía neste tema de xestión de residuos, que ten unhas características absolutamente técnicas e que se fixeron as matizacións que se propuxeron na comisión informativa, que a Presidencia pasa a detallar:



No artigo 8.b) aceites domésticos..... queda pendente definir para determinar cales se poden depositar nos catro colectores instalados no termo municipal e no do punto limpo.

A pedimento do PSdG-PSOE no artigo 10.1 suprímese “envases”, quedando redactado do seguinte xeito “os residuos de fraccións e resto depositaranse nos colectores correspondentes en bolsas perfectamente pechadas e sen líquidos, con capacidade suficiente para permitir o seu peche e sen exceder o peso de 15 quilogramos”

....

Ademais e tamén a pedimento do PSdG-PSOE no artigo 21 : responsables, engádeselle o seguinte “ ...No caso de propietarios dunha parcela onde existan verteduras, de non ser eles os causantes das mesmas, poderán eximirse da súa responsabilidade poñendo en coñecemento e denunciando ditos feitos no concello con anterioridade a que se inicie o correspondente expediente de sanción”.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE expón que no pleno pasado o equipo de goberno defendía a súa xestión dos residuos sólidos urbanos do concello a capa e espada, como procede que cada un defenda a súa postura, pero non deixa de chamarlle a atención que case como primeira iniciativa xeneralizada na xestión dos residuos, despois de reiteradas queixas que lle trasladaron ao pleno de distintos puntos de vertidos, sexa que fronte á infracción se proceda á coacción, porque sinalaba o voceiro do PP que esta ordenanza viña a cubrir un oco na xestión dos residuos, é unicamente cubre o oco de sanción, o resto supón, espera e desexa que os veciños saiban onde teñen que botar cada cousa.

Solicita tamén que acompañando á ordenanza se proceda a retomar as campañas de concienciación, como veñen demandando, e que fagan valer os recursos que existen no concello: punto limpo, que viña funcionando ben, aparecendo agora rodas, plásticos de silos, ..etc tirados, co que algo está a fallar na articulación do seu proxecto de xestión dos residuos do concello; por iso aparte da ordenanza municipal, que recolle o elemental, un réxime de infraccións, é tempo de poñer en marcha man a man cos veciños para tratar de corrixir os comportamentos non apropiados e poñer en valor de novo as infraestruturas municipais para que sexan usadas de xeito correcto, para tratar de mellorar as porcentaxes de separación e de impropios que se van depositando no colector verde e mellorar sempre o funcionamento do punto limpo, poñendo na medida do posible a maior disposición dos veciños e recoller cantos máis residuos mellor, porque en definitiva é mellor pasar o traballo de recollelos que despois retiralos do monte ou ter que someter a multa aos veciños.

O Sr. Pose do BNG manifesta que votará a favor da ordenanza, que ben vida sexa, aparte de facer campañas de concienciación, que son fundamentais, e que se aplique a ordenanza sen ningún pudor, sobre todo no caso dos vertedoiros que aparecen nos montes, non podendo existir ningunha flexibilidade con isto. Ademais di que as campañas de concienciación que sexan conxuntas con outras que leva solicitando durante os dous últimos anos, relativas ao tema da separación do lixo, e empezar a pensar nun modelo distinto de recollida de lixo nas vivendas.

O Sr. Alvella de TEGA di que entende a ordenanza como medida disuasoria máis que sancionadora, e solicita que se faga chegar aos veciños que existe unha ordenanza que pode levar a sancións, para que non se produzan vertidos, e os carteis de festas e outros se coloquen en lugares axeitados



O Sr. Lema di que está de acordo co tema das campañas de concienciación que se reclaman dende os grupos da oposición, e que dende logo o tema da concienciación cidadá na xestión dos residuos non é un tema de agora , posto que efectivamente se iniciou anos atrás cando gobernaba a oposición, que se van dando pasos pero por suposto aínda hai moito traballo por facer.

Expón tamén que tamén hai que seguir mellorando no tema da separación dos residuos, e que a pesares de que se fan limpeza periódicas seguen a aparecer vertidos incontrolados, e a ordenanza ven a poñer negro sobre branco todas as características dos residuos, organízalos e normativízalos e por outro lado inclúe tamén un capítulo de sancións para que naqueles casos que non se atinxen á norma que exista unha ferramenta para darlle solución a este tipo de problemas, aínda que o espírito da mesma , en principio, non é de sancionar, senón de que a xente se faga responsable e se concencie do manexo do tratamento dos residuos.

Por último agradécelle a todos o apoio a ordenanza.

Dona Lucía González manifesta o seu voto a favor.

Posta a votación a citada ordenanza apróbase por unanimidade dos asistentes.

3º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG sobre do anteproxecto de Lei de Reforma Local.

Procédese a votar a urxencia deste punto e apróbase por unanimidade dos asistentes.

De seguido o Sr. Pose do BNG expón que se trata dunha moción de partido, pero é importante porque lle afecta, posto que xunto coa intención de que desaparezan o 30% dos concelleiros, neste sobrarían dous, supón unha laminación constante da forma que temos de xestionarnos a nivel municipal. Di que no anteproxecto de lei se fala de “evitar duplicidades”, pero o que supón é potenciar as deputacións provinciais, e que se trata dunha proposta que afondará na homoxeneidade e na capacidade da administración central de intervir na dinámica local, pero hai que ser consciente de que o noso concello non ten nada en común con concellos como o de Campo de Criptana (Cidade Real), e dende logo homoxeneizar onde poidan porque en Cataluña e en Euskadi non.

Sinala tamén que trasladar ás deputacións provinciais servizos locais é un despropósito absoluto, polo que solicita ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar ao Goberno do Estado a:

a) Retirar o anteproxecto de Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

b) Instar a unha reforma constitucional que suprima as deputacións provinciais.

c) Presentar un plan de financiamento dos concellos, que lles permita custear os servizos públicos locais.

d) Instar a unha reforma do réxime local que deixe en mans das Comunidades Autónomas un amplo marxe de regulación sobre a organización, as funcións e competencias das entidades locais, a fin de adaptar o mapa local á realidade de cada territorio co obxectivo de racionalizar o mapa institucional en coherencia cun aproveitamento e administración eficaz dos recursos públicos.



2º.- Enviar este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, Presidente do Goberno do Estado, grupos parlamentarios no Parlamento Galego e Congreso, Senado, FEGAM e FEMP.

Di que non tería problema en retirar todos os puntos agás o de suprimir as deputacións provinciais, que é o que ten algo de controversia coa postura do PP, porque para el é a pedra na que orbita todo o problema, pois ao seu arredor está concentrado o 50% da corrupción política do estado español, independentemente de que a Deputación da Coruña funcione ben.

Por último solicita o voto favorable de todos os grupos políticos.

A Presidencia expón que tal e como se falou na Comisión Informativa, está en contra do anteproxecto da reforma local ao igual que o cento por cento (100%) dos alcaldes de toda Galicia, pero non en suprimir as deputacións provinciais, porque no caso da Deputación da Coruña é un exemplo de boa xestión a nivel estatal, que ao mellor haberá que redefinilas, pero que son necesarias, posto que temas como recadación de impostos e taxas, administración electrónica, ...etc serían inviables sen a deputación, por iso se o BNG retira este punto da moción o voto do seu grupo será favorable; de non ser así- di- que aínda estando en contra do anteproxecto, presenta como alternativa , como así se acordou entre os tres grupos políticos maioritarios, PP, PSdG-PSOE e BNG, que o concello se sume expresamente ás alegacións presentadas pola Fegamp ao anteproxecto da lei de reforma local.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que dende o seu grupo manifesta o seu rexeitamento a este anteproxecto da lei de racionalización e sustentabilidade da administración local. Expón que non coñece a base sobre da que se fixo, pero que entende que foi tendo como referencia nin sequera medias de concellos tipo, senón uns cantos, moi concretos, da xeografía nacional e dende aí trataron de extrapolar todo para os demais concellos.

Sinala tamén que en canto ao número de concelleiros , salarios e demais, no caso particular de Galicia, coa lei na man , atopámonos cousas curiosas, como que en case todos poderíanse incrementar as dedicacións exclusivas e as súas retribucións, polo que é unha lei de racionalización que realmente de racionalización ten pouco, posto que non se atinxe á realidade particular. Ademais di que este anteproxecto é un claro atentado á autonomía local e ao que vimos defendendo de ir xestionando o noso ao noso xeito dentro do que marca a lei.

Para rematar expón que en canto ás deputacións provinciais , o certo é que hai cousas que moitos concellos non poderían acadar sen a súa axuda, sen o soporte técnico, pero tamén é certo o argumentado polo BNG da rede “clientelista” que ás veces se tece arredor delas, e tendo en conta que poden apoiar a xestión municipal en concellos coma o noso, van asumir a proposta da Fegamp e as alegacións de consenso na súa comisión executiva, e absteranse na votación da moción presentada polo BNG.

O Sr. Alvela de TEGA di que está de acordo en que se retire o anteproxecto e se presente outro de máis consenso, e que Terra Galega tamén está en contra das deputacións provinciais, aínda recoñecendo que existen algunhas que funcionan mellor que outras, polo tanto votará a favor da moción.

O Sr. Pose di que o tema da redución dos concelleiros é dobremente doloroso, porque por unha parte elimina aos que precisamente non cobran e polo tanto non supoñen custo para



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



os concellos e por outra son os que teñen capacidade fiscalizadora sobre do que acontece nos concellos ao tratarse de grupos minoritarios.

Sinala que sobre da argumentación do PSdG-PSOE recoñecendo que son redes “clientelistas” e non votan a favor porque se poden beneficiar dela que queda alucinado.

Dona Lucía González di que entende que aparte dos beneficios aos que fixo alusión, que en calquera caso redundan no beneficio municipal e nunca no particular, tamén argumentou a conveniencia das deputacións para levar a cabo proxectos que doutro xeito concellos individualmente serían incapaces de desenvolver. Sinala que está de acordo en que hai que reorientalas, pois teñen que ser capaces de prestar servizos de xeito máis correcto, pero que segue defendendo que teñen capacidade para prestar apoio técnico a diversos niveis no noso concello en particular, e esta é a súa argumentación para defender a abstención na votación da moción do BNG e apoiar as alegacións presentadas pola Fegamp e de consenso na súa Comisión Executiva.

Sométese a votación a moción presentada polo BNG e rexeitase con dous votos a favor do BNG e TEGA, seis votos en contra do PP e cinco abstencións do PSdG-PSOE.

Por parte do grupo popular preséntase como alternativa:

Apoiar as alegacións presentadas pola Fegamp ao anteproxecto da lei de racionalización e sustentabilidade na administración local, aprobándose con once votos a favor do PP e PSdG-PSOE, e dúas abstencións do BNG e TEGA.

4º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para a retirada da proposta de copago nos comedores escolares.

O Sr. Pose do BNG expón que hai unha proposta de copago de comedores escolares, que para o rural é demoledora, que se fixo igual co tema dos libros de texto, que é unha aberración porque supón un 40% do incremento do prezo do menú. Di que realmente é un fraude á gratuidade da escolarización, que a partir de agora ímonos atopar con que moitos nenos levan o tupper á escola, con nenos de primaria e de secundaria, que en moitos outros sitios a comida na escola é a máis importante e case a única do día que se toma en serio, cando por outro lado se están a destinar 240.000.000 de euros de subvencións ao ensino concertado e 3.000.000 de euros a centros que segregan por sexo, que acaba de tomar o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Di que a súa urxencia é porque polo de agora trátase dunha proposta, aínda que non se pode esperar 30 días porque ao mellor daquela xa está aprobada, e alguén lle terá que dicir á Xunta que isto é unha aberración, como se pode comprobar no anexo da taxas que achegou á moción, por iso o BNG solicita ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia á retirada da proposta de copago dos comedores escolares, por ser unha medida que elimina a gratuidade real do Ensino Obrigatorio, e por provocar un maior empobrecemento das familias en tempos de crise, especialmente nun concello rural coma o noso, onde o 95 % do alumnado vive a máis de 2 quilómetros dos centros educativos.

2º.- Demandar da Xunta de Galicia velar polo dereito á educación, garantindo un servizo de comedor escolar de calidade para o alumnado que o necesite.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



3º.- Instar á Xunta de Galicia a retirar os concertos dos colexios que segregan por sexo (que supoñen 3 millóns de euros) e dedicar estes cartos a ampliar o servizo de comedor gratuíto ao alumnado con poucos recursos económicos do ensino infantil e de primaria.

Por último di que cre que é de xustiza votar a urxencia da moción.

A Presidencia anuncia o voto en contra da urxencia e di que iso non quere dicir que non sexa un tema que lle preocupe, que o que queren é estudalo a fondo, e dado que se trata dun tema moi importante solicitou unha entrevista, incluso antes de que o BNG presentase a moción, co Xefe Territorial de Educación para falar expresamente deste tema en relación á repercusión que ten en Vedra. Di que quere ver a repercusión que ten en Vedra, e tendo en conta que sempre vai defender os intereses de Vedra, por iso vota en contra da urxencia, o que non significa votar en contra da moción, e que con todos os datos reais na Xunta de Voceiros se estudará, e aínda que o Sr. Pose di que non se pode esperar 30 días, que será algo menos, xa que o pleno coincide o 17 de abril, estamos a falar dunha proposta que a súa efectividade sería para o vindeiro curso escolar.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que dende o seu grupo consideran que é realmente urxente, que se deberían sumar ao alzamento que está xurdindo dende as ANPAs, dende as asociacións de pais, nais.... porque aínda que entra en vigor no vindeiro curso, é xa, facendo mención a que estes días saíu publicado en La Voz de Galicia unha entrevista ao Sr. Conselleiro onde lle preguntaban que os pais agora en abril ao facer a matrícula non sabían ao que aterse sobre do servizo de comedor, e el contestoulle que xa llo estaban dicindo, é dicir, que este anteproxecto vai ser lei e de aplicación xa, o que non deixa de ser unha agresión ao poder adquisitivo das clases medidas, porque sempre recaen nos mesmos, que supón un recorte no acceso a un servizo educativo básico, que permite que os nenos/as estean nos colexios públicos en boas condicións.

Para rematar anuncia o voto favorable á urxencia e á propia moción

O Sr. Alveta de TEGA di que sen entrar no debate da moción, porque non tivo tempo de estudala, non a coñece nin ten unha opinión formada, e para ser un convidado de pedra vaise abster na urxencia sen valorar a moción que seguramente está cargada de puntos razoables.

O Sr. Pose dille ao Sr. Alcalde que cando vaia á entrevista co Xefe Territorial leve a moción aprobada, e que se dentro de 30 días esta proposta é un feito consumado llo vai recordar constantemente.

Posta a votación a súa urxencia rexístranse seis votos a favor do BNG e PSdG-PSOE, seis votos en contra do PP e unha abstención de TEGA. Repetida a votación rexeitase co voto de calidade da Presidencia.

5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Ao rogo de dona Lucía González sobre do funcionamento da fosa séptica do centro médico, di que o foron comprobar e que debeu ser algo puntual, porque está a funcionar correctamente, aínda que estarán atentos.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



--Ás preguntas do BNG , a Presidencia contéstalle:

1.- En canto á nova publicada no xornal El Correo Gallego, di que solicitou, e que lle consta ao Sr. Pose, que se corrixisse o titular, e que se non se fixo non é responsabilidade súa, porque podía ter moitas interpretacións, aínda que tecnicamente tiña as súas matizacións.

Sobre da pregunta en concreto, segundo datos facilitados por tesourería, as débedas a longo prazo a 31/12/2010 suman 785.250 euros, e a 31/12/2012 826.790 euros.

Nese tempo si houbo uns préstamos formalizados ICO, por importe de 417.769 euros e houbo amortizacións por importe de 376.229 euros, isto é unha diferenza de 41.540 euros, que é a diferenza a longo prazo, que evidentemente se incrementa; pero falando en termos de economía de andar pola casa, a totalidade da débeda a 31/12/2010 é a suma da débeda a longo prazo, a bancaria, e o remanente de tesourería negativo, porque tamén é débeda, e nese caso o remanente de tesourería negativo ascendía á cantidade de 531.967 euros, que sumados aos 785.250 euros resulta unha cifra de 1.317.217 euros a finais de 2010. A 31/12/2012 é certo que no concepto de préstamos subiuse 41.540 euros, pero o remanente de tesourería negativo é só de 55.110 euros, co cal se baixou 476.875 euros, e se se descontan eses 41.540 euros supón unha baixada xeneralizada en relación ao que debemos de 435.317 euros, polo que cre que as cifras son boas, e é cun esforzo de todos e que se terá que seguir facendo.

	Préstamo	Rem.Tesourería negativo	TOTAL
Total débeda a 31/12/2010	785.250	531.967	1.317.217
Total débeda a 31/12/2012	828.790	55.110	881.900
Diferenza	41.540	-476.857	-435.317

En canto aos incrementos das taxas, a día de hoxe de xeito aproximado, por exemplo no padrón fiscal da taxa de recollida de lixo supón un incremento de 18.139 euros; no tema de augas non se ten contabilizado polo de agora, e en axuda no fogar e dependencia, en tres meses, comparando os anos 2012 e 2011, eses tres meses no 2011 supoñían 3.549 euros, e neste exercicio incrementouse a 4.926 euros, o que supón un incremento anual aproximado do 37 %, e nas taxas por actividades culturais e deportivas e utilización do pavillón anualmente incrementáanse en 4000 euros aproximadamente.

2.- Á pregunta sobre do Plan Especial de Protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla, á volta da Semana Santa convocárase esa Xunta de Voceiros para ver en concreto as diferentes problemáticas que xurdan nese Plan Especial e as posibles solucións para traballar sobre elas.

En canto ás vías de financiamento do citado plan, mantivo unha reunión co Sr. Conselleiro para ver as posibles vías e polo que respecta ao arquitecto, nestes momentos existen no concello abertos temas importantes que fan necesario a presenza dun arquitecto, como o parque empresarial, o desenvolvemento do Plan Especial de Ponte Ulla, numerosos temas relativos ao PXOM, e por iso a día de hoxe segue Fermín González polo menos 1 ano.

6º.- Rogos e preguntas.

-Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE formula as seguintes preguntas:

Primeira.- En Brañalonga (Vilanova) a canteira pechou o paso dunha pista municipal que daba servizo a diversas fincas que agora son propiedade da canteira.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



- Autorizou o concello a que a canteira poida dispoñer desta pista municipal e pechala ao tránsito?

- Chegaron a algún acordo concello e canteira para a cesión dese terreo municipal? Cal é o contido dese acordo?

Caso de que o acordo non exista, e aínda cando o concello puidera ter autorizado a libre disposición desa vía municipal por parte da canteira, rogamos que insten á canteira a abrir a pista e que lle comuniquen que, de ser do seu interese ter uso exclusivo da mesma, procedan a aboar o prezo correspondente por ese terreo municipal.

Segunda.- Levamos varios plenos preguntando polo servizo de fisioterapia. Dun pleno para outro a resposta é que “para o mes” se prevé que entre en funcionamento. Remata marzo, e con el o último “para o mes” que nos deron.

- Van poñer en marcha de novo o servizo de fisioterapia si ou non?
- Que dificultades teñen para non poder poñelo en marcha como dixeron e no tempo levan previndo mes a mes?

Terceira.- No pleno pasado preguntamos polas obras da estrada Vedra -Santa Lucía, e como a resposta foi máis ben sucinta, volvemos preguntar, para que desta volta, se é posible, traslade ao pleno as xestións concretas que se levaron ou se están levando a cabo para que se inicien as obras:

- Que xestións, xuntanzas, etc, tiveron lugar e con que representantes da Deputación Provincial?

- Cales foron as propostas, demandas e posturas do Concello de Vedra nas ditas xestións?

- Cales foron as respostas da Deputación Provincial ás propostas e demandas do Concello?

- Cal é a previsión temporal dada pola Deputación Provincial a cada unha das propostas feitas polo concello.

- Acadouse algún compromiso concreto para:

- O novo asfaltado con aglomerado prometido en campaña?

- O ensanche na Ponte das Cabras?

O Sr. Cobas do PSdG-PSOE pregunta:

- Á vista do recurso presentado polo concello no litixio que mantén co traballador D. Pablo Frago Dacosta:

- O avogado don José Manuel Roibás Vázquez segue a ter contrato co concello?

- Que asuntos ou temas leva?

- Por que non se lle pediu a el a presentación do recurso?

- Ten o Alcalde algunha relación de sociedade co avogado que presentou o recurso?

Porque, ademais da vergoñenta argumentación feita polo avogado que escolleron, que reduce á mínima expresión os anos de traballo dos alcaldes, concelleiros e concelleiras, veciños e veciñas, para ter un concello bastante distinto ao que no recurso se presenta, dáse a clamorosa coincidencia de que dito avogado comparte domicilio profesional, ata onde nos



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



consta, co Sr. Carlos Martínez Carrillo. Tivo isto algo que ver na elección deste e non doutro letrado?

O Sr. Pose do BNG, por alusión, e falando en termos de economía de andar pola casa, débeda, a bancaria a longo prazo, o demais liquidez, 41.000 euros máis ca do goberno anterior, e isto é o que teñen que publicar cando queiran.

Di tamén que con respecto ao arquitecto, nun concello de 5.000 habitantes con arquitecto e aparelador parécelle excesivo e con ese diñeiro pagaríase o SAF durante 3 ou 4 anos evitándolle aos maiores o incremento das taxas.

Solicítalle á Presidencia unha explicación dos distintos cambios que se están a levar a realizar no cadro de persoal do concello; cambio de funcións, de horarios e retribucións, e os seus motivos.

Advértelle ao concello que existen familias en risco de desafiuzamento, solicitando por parte do concello a creación dunha comisión de seguimento, se fose preciso, co obxecto de aplicar a moción aprobada no seu día polo pleno, esperando que dende o concello se lle dea apoio, incluso co equipo de asesoramento do concello e mobilice aos resto dos veciños.

Sobre dunha nova que saíu publicada de que Sogama pensa incrementar ata un 26 % o canon que cobra polo lixo, e el leva dous anos advertindo disto, preguntándolle que vai pasar se Sogama incrementa ese 26 % o prezo?

Por último formula ao Sr. Secretario se os concelleiros con dedicación exclusiva poden realizar traballos fóra do concello.

A Presidencia dille ao Sr. Pose, que se coñece algunha familia en risco de desafiuzamento o poña no seu coñecemento, contestándolle este que ese é traballo del.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta e cinco minutos.